

MEMORIA 2014



BIBLIOTECA DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN



	Páxina
PERSOAL.....	3
COLECCIÓN: ADQUISICIÓNS.....	4
Revistas en papel.....	6
Revistas electrónicas.....	7
Dialnet.....	8
Bases de datos.....	8
Cine.....	8
Banda deseñada.....	9
Bibliografía recomendada.....	9
Repositorio da Universidade da Coruña: RUC.....	9
Recursos-e: Subject plus.....	10
COLECCIÓN: RECOLOCACIÓN DOS FONDOS.....	10
Recolocación de materias.....	10
Agrupación de exemplares.....	11
Selección e retirada de fondos.....	11
LECTURA EN SALA. CIRCULACIÓN.....	12
FORMACIÓN DE USUARIAS/OS: ALFIN.....	13
ACTIVIDADES CULTURAIS.....	15
DIFUSIÓN DOS SERVIZOS E ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA.....	18
INFRAESTRUTURAS.....	19
A BIBLIOTECA COMPROMETIDA.....	21

PERSOAL

- Fixo:
 - Unha directora
 - Dúas axudantes
 - Dúas auxiliares

Houbo un cambio no último concurso no verán: marchou o auxiliar Antonio Fojo Fuentes, quen levaba con nós moitos anos e a quen lle agradecemos o seu labor, e veu Isabel Presedo Vázquez, a quen lle damos a benvida.

- Unha bolseira, 156 horas (6 horas semanais de xaneiro a xuño) e dúas bolseiras do outubro a decembro, 6 horas semanais. En total 156 horas entre as dúas.

Este curso houbo unha novidade na política de bolsas do SAPE. Eliminaron bolseiras/os nalgúns centros e noutros puxeron máis bolseiras e máis tempo. No noso centro enviaron dúas para traballar de outubro a xuño. Contabilizamos as horas do ano 2014.

- Unha persoa en prácticas prelaborais da Fundación Paideia: Iván, que estivo cinco horas diarias dende mediados de marzo até mediados de maio, axudándonos con labores previas ao expurgo.

Formación recibida

O persoal da biblioteca é moi receptivo á formación continuada. Os cursos e número de persoas que os recibiron foron os seguintes:


- Xestión e organización de recursos electrónicos, en liña (tres persoas)
- Word iniciación (unha persoa)
- Alfresco (unha persoa)
- Microsoft Excel 2010, Iniciación (unha persoa)
- Obradoiro de iniciación á fotografía dixital (unha persoa)
- Técnicas de xestión do traballo (unha persoa)
- Ferramentas de creación, edición e publicación de contidos multimedia (tres persoas). Contratado pola propia biblioteca.
- Curso de 1.º de alemán no Centro de Linguas (unha persoa)
- Estadía en Porto na Facultade de Belas Artes do 3 ao 7 de novembro dentro do programa Iacobus (unha persoa)

COLECCIÓN: ADQUISICIÓN

Monografías

Ingresamos 1.503 (incluídos test e CD-Rom) e 108 DVD de cine; agás 162 monografías e 5 CD-Rom gratuítos, a maior parte chegaron por intercambio, o resto foron mercadas. Gastando 39.924,32 euros.

Ao longo dos anos entraron na biblioteca un total de 89.457 obras.



Na Comisión de biblioteca do 6 de febreiro foi onde se repartiu o orzamento.

Política de adquisicións

Ademais de manter os criterios de non mercar temarios de oposicións nin duplicar películas, na comisión de febreiro acordamos non mercar software e facer un control para evitar duplicidades innecesarias, fixando o número de dez exemplares para obras moi demandadas.

Da análise do número de pedidos por departamentos e áreas para ver se hai grandes lagoas, o resultado é o seguinte:

- Dpto. Pedagogía, 36% do profesorado, pide o 64%.
- Dpto. Psicoloxía, 19% do profesorado, pide o 8%.
- Dpto. Psicoloxía Evolutiva, 17% do profesorado, pide o 4,5%.
- Dpto. Didácticas específicas, 15,5% do profesorado, pide o 7%.
- Dpto. Filosofía e Métodos, 12% do profesorado, pide o 15%.
- Dptos. adscritos a outras facultades, 0,5% do profesorado, pide o 1,5%.

(Os datos do profesorado tíranse cada ano da páxina web de cada departamento e inclúense tódalas categorías, resultando 122 profesoras/es)

Como se ve, acentúase o desequilibrio do ano anterior en favor de pedagogía e en contra das psicoloxías: as dúas psicoloxías, que suman un 36% do profesorado, non chegan a pedir un 13% do total de pedidos.

Detectamos que algunhas materias non aumentan nada e outras algo excesivamente. Hai un exceso de duplicados.

Constatamos dúas prácticas na industria editorial coas que temos que contar:

- No libro estranxeiro: moitas das obras que se ofertan non están publicadas e só se publican cando a editora considera que recibe pedidos suficientes. Isto fai que moito orzamento comprometido logo non se gaste.
- Proliferación de editoriais que non actúan como tales, publicando sen filtro ningún todo o que lles ofrecen. Con esta práctica hai que ter coidado e recomendamos non mercar a estas editoriais.

Na vindeira comisión de biblioteca teremos en conta estas cuestións e revisaremos o reparto do orzamento para dar lugar a unha colección equilibrada e pertinente. Se hai materias que non aumentan, a Comisión de Biblioteca terá que encargarse.



Os pedidos da biblioteca

Atendéronse 35 peticións: 11 do alumnado, 15 das auxiliares, dúas de autorizacións externas, dúas de reenvío de préstamo interbibliotecario, unha das axudantes, catro de profesorado. Á fin do exercicio económico, pedimos 91 películas e 100 obras de literatura, 50 en español e 50 en galego. Tamén foron pagos 1.097 euros de obras pendentes do ano anterior.

Denegáronse cinco: dúas obras solicitadas polo profesorado, denegadas por seren moi custosas. Unha solicitada por un alumno, denegada por venderse só en Amazon e dúas solicitudes de alumnado, denegadas porque eran obras das que había varios exemplares na biblioteca, inda que prestados nese momento tódolos exemplares.

Revistas en papel

Temos 716 títulos de revistas:

- 314 están pechadas, é decir: non as estamos recibindo.
- 366 están abertas:
 - 147 son mercadas centralizadamente (103 estranxeiras e 44 españolas)
 - 69 son pagas polo consorcio BuGalicia
 - 2 son pagas pola Biblioteca
 - 148 son gratuítas



As que non son abertas nin pechadas (52) son títulos que están en proba (gratuítas que non sabemos se continuarán normalmente).

A tendencia para o futuro destes títulos é algo impredecíbel. As 147 mercadas centralizadamente son as que elixe directamente o profesorado. Tivemos nos últimos anos importantes retallos nesta partida, mais tamén é certo que se consultaban moi pouco. Para darse de alta nun novo título hai que ofrecer baixas porque é unha partida que non aumenta. É de salientar o traballo feito pola Comisión de Biblioteca neste último ano, e moi especialmente o que fixo a vicedecana Patricia Digón Regueiro, por afinar ao máximo agrupando os títulos de revistas por departamentos, áreas, ou de dous departamentos... procurando eliminar no posíbel o bloque de “interdepartamentais”, que practicamente resulta inamovíbel, para poñerse de acordo o profesorado implicado á hora de solicitar altas por baixas con maior flexibilidade.

Tamén é interesante a tendencia de varias revistas que antes se mercaban por compra e viraron gratuítas, de consulta electrónica, son as seguintes:

- ❖ Anales de psicología
- ❖ Arbor
- ❖ Canadian journal of education
- ❖ Crítica
- ❖ Historia de la educación
- ❖ Papeles del psicólogo
- ❖ Psicothema
- ❖ Revista de educación
- ❖ Revista interuniversitaria de formación del profesorado
- ❖ Revista latinoamericana de psicología
- ❖ Spanish journal of psychology

Sobre os 69 títulos do Consorcio, é aínda máis impredecíbel. Na última Comisión da biblioteca Central dixéronnos que a representación da Xunta de Galicia non asistiu á reunión do Consorcio. Isto é particularmente máis grave no referido ás bases de datos.

Todos estes títulos están agrupados na hemeroteca nunha listaxe impresa en papel, e tamén na páxina web da biblioteca da Facultade onde di *Colección*, premendo en *Revistas suscritas pola facultade*. Están tamén no catálogo da biblioteca.

Revistas electrónicas

Hai 2.211 títulos de temática relacionada con esta Facultade. Están incluídos 228 títulos das anteriores, tanto abertas como pechadas, que foron no seu día en papel e agora son electrónicas; mais, evidentemente, son moitos máis títulos: son as mercadas centralizadamente por paquetes, que dun ano para outro varían en número e títulos; por iso, non están no catálogo.



Na cifra de 2.211 títulos pode haber un solapamento de títulos que están en distintas materias e non podemos dicir o número exacto de títulos, mais seguramente sexan menos de 2.211. O dato resulta de pescudar na páxina web da biblioteca da UDC en Revistas electrónicas premendo en Materias, escollendo as seguintes:

Artes e Humanidades, Subdivisión

- ✓ Carreiras educativas. 721
- ✓ Dereitos humanos, estudos sobre a muller, benestar e infancia. 172

Ciencias da Saúde, Subdivisión

- ✓ Fisioterapia. 36
- ✓ Medicina deportiva. 48
- ✓ Psiquiatría e psicoloxía. 497

Ciencias Sociais, Subdivisión

- ✓ Ciencias da conducta e orientación psicolóxica. 524
- ✓ Discapacitados, asistencia. 51
- ✓ Estudos de xénero. 95
- ✓ Rehabilitación. 67

Dialnet

Dialnet é unha iniciativa da Universidad de la Rioja que secundaron as universidades españolas, a nosa entre elas, para dar maior visibilidade á produción científica hispana. É un proxecto de colaboura que integra recursos e servizos: bases de datos, hemeroteca virtual, repositorio de acceso á literatura científica a texto completo e servizo de alertas. Hoxe é a maior hemeroteca de artigos científicos hispanos na rede. Naceu no 2002 e ten 4,4 millóns de documentos, dos que o 15% están a texto completo.



Puxemos este ano as primeiras revistas editadas no noso centro dixitalmente a texto completo: Digilec e a Revista de estudos e investigación en psicología y educación.

Bases de datos

Son os mesmos datos que o ano anterior. Pagas todas centralizadamente, moitas delas a través do Consorcio BuGalicia, onde están as tres universidades galegas e a Xunta de Galicia, e como dixemos anteriormente, na última reunión non acudiu ninguén da Xunta.

Hai:

- Tres de educación: ERIC; SPORTdiscus with full text; Teacher Reference Center
- Tres de psicoloxía (PILOTS database; PsyCritiques; PsyINFO)
- E as interdisciplinares CSIC e DIALNET (ámbito hispano), SCOPUS (internacional con maior peso das publicacións europeas), WOK (ámbito internacional con maior peso das publicacións anglófonas).

Cine

Un total de 851 películas de temática relacionada coas materias impartidas no centro. A biblioteca seleccionou e mercou 91 títulos no 2014, sempre á fin de ano económico. Seguimos dando publicidade nesta memoria á nosa colección organizada en Pinterest: <http://pinterest.com/cineduca>, onde cada película ten un resumo tirado de filmaffinity e un enlace ao catálogo da biblioteca, premendo en *kmelot.biblioteca*



Banda deseñada

Inda que é un fondo que procuramos aumentar, este ano non o fixemos porque o que seleccionamos foi para literatura galega e española, tamén a finais do ano económico.

Bibliografía recomendada

Como é habitual, no primeiro trimestre do curso (outubro-décembro 2013), actualizouse a bibliografía recomendada tirándoa das guías docentes. Poñemos no cadro que vén a seguir a cantidade de obras revisadas desagregada polos catro graos (Infantil; Primaria; Educación social; Logopedia) e os catro mestrados (Dirección, xestión e innovación de institucións; Profesorado de educación secundaria; Psicoloxía aplicada; Interuniversitario en estudos avanzados sobre a linguaxe) co total ao final.

B.R 2013/14	Libros Art.rev. Filmes	Faltan na UDC	Hai noutras bibl.	Tít. Rev.	Rec. Web	Materias Total	Materias sen BR
G.I.	1.200	65	12	42	125	42	11
G.P.	1.292	107	10	56	117	42	5
G.ES	1.069	101	33	10	27	37	12
G.L	828	141	21	21	29	42	3
M.D.	873	92	9	1	83	28	4
M.PES	506	38	39	4	46	51	21
M.P.A.	406	58	7	0	7	27	0
M.I	169	74	20	10	10	27	7
Total	6.343	676	151	144	444	296	63

Este ano temos por primeira vez datos sobre o préstamo destas obras. No ano 2014 dos 4.516 recursos dispoñíbeis na nosa biblioteca, prestáronse e renováronse 3.655 (1.742 préstamos e 1.913 renovacións).

Repositorio da Universidade da Coruña: RUC

No mes de marzo subimos ao RUC e catalogamos os primeiros 34 traballos de fin de grao deste centro.

Recursos-e: Subject plus

En febreiro a biblioteca central informounos de que se estaba a instalar o programa de software libre *Subject plus*, para reunir os recursos electrónicos gratuítos da biblioteca. Pediron a colaboración dos centros para que fixésemos unha selección deses recursos por titulación dos graos entre os que estaban na web da UDC (en “Recursos de información” en “Outros recursos”). O 26 de febrero enviamos a resposta: seleccionamos 20 recursos por titulación entre 237, que foron os que nos pediron, pois mais alá dese número non teñen visibilidade. Os criterios de selección foron os seguintes:

- Dar prioridade aos recursos máis semellantes aos das bibliotecas: selección e texto completo de conxuntos de revistas ou libros, e tamén materiais didácticos que consideramos moi útiles (exercicios, unidades didácticas...).
- Outro criterio foi buscar o máis específico para cada grao e completalo cos recursos comúns até chegar a 20.
- Tamén demos prioridade por ámbitos: en primeiro lugar ás asociacións do país que teñen contidos interesantes e logo ao ámbito español. En último lugar, os recursos europeos e estadounidenses. Como principio, evitamos poñer enlaces a títulos soltos de revistas gratuítas a texto completo, por pensar que estarían mellor na listaxe da nosa páxina web de revistas.

Os graos de Educación Infantil e Primaria teñen os mesmos recursos. O resultado foi o seguinte:

<http://sp.bugalicia.org/aco/gl/subjects/guide.php?subject=edu>

http://sp.bugalicia.org/aco/gl/subjects/guide.php?subject=edu_social

<http://sp.bugalicia.org/aco/gl/subjects/guide.php?subject=logopedia>

Ademáis do que nos pediron, incluímos, por parecernos útil para o alumnado e os docentes, unha guía de ferramentas educativas utilizando as TICs

<http://sp.bugalicia.org/aco/gl/subjects/guide.php?subject=TICs>

COLECCIÓN: RECOLOCACIÓN DOS FONDOS

Recolocación de materias

Os problemas de espazo nalgunhas signaturas e a existencia de grupos de andeis baleiros ao comezo, no medio e ao final do conxunto de estantes, así deixadas cando nos trasladamos a este edificio, posibilitaron que fixésemos un plano dos estantes da biblioteca para estudar como repartir o espazo libre entre tódalas signaturas. Procuramos non rachar coa orde alfabética sempre que nos foi posíbel (non foi así nos casos de TC e LG-I).



Movimos signaturas completas (P6-P7-P8-P9-P11-EA-EDF-LI- LGI-TC-TCa). Movéronse aproximadamente 19.000 libros (o total das signaturas movidas suman 23.770, mais non se moveron os libros prestados nese momento nin os perdidos).

Acadamos o noso obxectivo: o espazo ficou repartido e tódalas signaturas teñen espazo para o medre da colección.

Agrupación de exemplares

Na biblioteca dáse o caso de varios exemplares do mesmo título estaren en signaturas diferentes. Inda que hai obras que poden estar tanto nunha signatura coma noutra, pensamos que evitar isto expresa mellor unha idea de orde e clasificación dos fondos. Comezamos cos de P9 e aínda non os rematamos. Continuaremos ao longo do ano 2015 e farémolo con todo o fondo. Isto supón que a partir de agora non se cambiarán os libros de sitio por pedimento do profesorado.

Selección e retirada de fondos

O informe da xefa de Servizo da Biblioteca da UDC, presentado na Comisión da biblioteca central en decembro de 2012, puxo en evidencia que moitas das obras mercadas nos últimos cinco anos non se prestaran nunca:

	2008	2009	2010	2011
Media UDC	39%	42%	43%	52%
Bib. CC da Educación	45%	41%	34%	50%

E sobre a totalidade do fondo sen parámetro de tempo,

5 outubro 2012	Total exemplares prestábeis	Total sen préstamo	%
UDC	740.999	282.430	38%
Bib. CC da Educación	91.878	33.246	36%

fixo unha chamada de atención á necesidade de facer un plan de adquisicións e a facer en cada biblioteca unha selección do fondo en libre acceso, retirando o de pouco uso e/ou pertinencia na colección para eliminar ou ben enviar á central.

Neste centro decidimos facer o seguinte: eliminar os duplicados das obras que non foran prestadas nos últimos cinco anos (non incluímos os títulos mercados despois do ano 2010 nin as obras de bibliografía recomendada ou de consulta na sala). O resultado do que levamos feito deunos as seguintes listaxes de exemplares:

- P6- 278 exemplares
- P7- 123 exemplares
- P9- 656 exemplares
- P11- 95 exemplares
- L-I- 80 exemplares



Os de P9 xa foron retirados. Ofrecéronse aos usuarios da biblioteca, nun lugar visíbel á entrada, e ademais comunicouse ao profesorado mediante un correo electrónico.

Continuaremos ao longo do ano 2015 e farémolo con todo o fondo.

LECTURA EN SALA. CIRCULACIÓN

Entraron na biblioteca no ano 81.420 persoas, unha lixeira suba ao respecto do ano anterior (75.572). Destaca un pico no mes de maio, con 12.121. E houbo un importante aumento do uso da sala de traballos en grupo (xa contabilizados no total), sumando este ano 2.996 fronte a 1.365 do ano anterior.



Os usuarios potenciais do servizo, alumnado (datos da matrícula solicitados á secretaría do centro), profesorado e PAS do centro (datos tirados da páxina web do centro) foron 2.225 para o curso 2013/14: unha lixeira alza con respecto ao curso anterior (2.139). Ademais, recibimos 151 solicitudes de carné de autorizados/as externos/as e 84 renovacións. É a primeira vez que contabilizamos este tipo de usuarios/os; nos datos da UDC aparecen como


usuarios/as externos/as da biblioteca central, mais pensamos que é interesante anotar os que facemos no noso centro, son ex-alumnas e ex-alumnos e profesionais.

Os datos de préstamo deron a cifra de 69.370, fronte a 62.032 do ano anterior. Este ano temos os datos separados de préstamos (23.199) e renovacións (46.171). Queremos felicitar á biblioteca central por poñer por vez primeira os datos estatísticos de préstamo de tódalas bibliotecas na intranet do servizo (hai datos dende o ano 2012). Salientamos que o préstamo da biblioteca da UDC dentro das universidades españolas é moi alto, e o da nosa biblioteca dentro da UDC tamén.

Os libros servidos pola nosa biblioteca para préstamo interbibliotecario foron 41 e os artigos de revistas para préstamo interbibliotecario e intercentros foron 40. Denegamos 4.

A nosa biblioteca solicitou 8 artigos de préstamo intercentros. Os artigos solicitados ao servizo de préstamo interbibliotecario por usuarios do noso centro, tanto servidos como denegados, non se contabilizan por centros, son datos conxuntos do servizo para toda a UDC.

O préstamo de lectores de libros-e foi de 80 fronte a 87 do ano anterior.



FORMACIÓN DE USUARIAS/OS: ALFIN

Alfabetización informacional (ALFIN) é un nome máis amplo do que antes era formación de usuarios/as, máis en relación coa formación ao longo da vida.

Como tódolos anos, facemos unha presentación da biblioteca durante dez minutos nas xornadas de acollida que organiza a facultade para o alumnado de

primeiro curso. Tamén a comezos do curso enviamos un correo-e ao profesorado:

- ofrecéndolles a nosa oferta de cursos.
- facéndolles un convite a que soliciten cursos a medida.
- pedíndolles que dean publicidade á visita guiada da biblioteca e presentación da biblioteca e os seus servizos, de 90 minutos, que facemos durante os meses de setembro e outubro.

Lembro a nosa oferta de formación, que actualizamos e traballamos na procura de mellorar a presentación cada ano:



- Habilidades para o acceso e xestión da información (I). A biblioteca e os seus servizos. Principais fontes. Procura básica. 2 horas. Alumnado de grao (1º). Por pedimento dos/das docentes, nas aulas.
- Habilidades para o acceso e xestión da información (II). Procura avanzada e xestores bibliográficos. 4 horas. Alumnado grao e mestrado. Dirixido a alumnado e docentes.
- Xestores bibliográficos. Refworks. 1 hora. Dirixido a alumnado e docentes.
- TFG e TFM. Buscar e xestionar a información. 4 h.
- Habilidades para o acceso, avaliación, xestión e uso ético da información. Curso de autoaprendizaxe que impartimos dende o ano 2009 utilizando a plataforma Moodle, semipresencial, de 15 horas.
- Ademais, seminarios específicos prácticos para un grupo reducido de persoas que servirán de apoio na investigación. Para docentes e investigadores/es. 2 horas cada un.
 - Avaliación da produción científica.
 - Organizar a información e traballar na nube.
 - Ferramentas educativas utilizando as TICS.
 - O acceso aberto.
 - Creación dun perfil de investigador (IRALIS; ORCID; Researcher ID, Scopus...).

O que impartimos, segundo a demanda, foi:

	EDICIÓNS	DURACIÓN/QUENDAS	PERSOAS	AVALIADO
Visita guiada	5	15 minutos	17	NON
1.º curso	1	90 minutos	8	NON
3.º ciclo	1	2 h./1	5	SI
Grao	5	90 minutos/1	252	SI
TFG	9	6 h./2	98	SI
Mestrado	2	4 h./2	36	SI
Tese	3	90 minutos/1	3	NON
TOTAL	26	78 horas e 45 min.	419	

Salientamos que por primeira vez viñeron persoas á visita guiada e ao curso para os de primeiro sen ser a través do profesorado. E houbo tres formacións individuais a xente que o solicitou para facer a tese. En canto aos cursos solicitados polo profesorado foron 17, cun total de 391 alumnas/os. Este ano non houbo solicitudes de cursos para docentes.

Os resultados da avaliación: en xeral, os cursos e quen os imparte están ben valorados. Consideran que se tiñan que ter dado antes. Hai quen se queixa de ser demasiadas cousas e novidasas en pouco tempo e a quen lle parece demasiado tempo para ouvir unha grande parte de cousas que xa sabía. Tomamos nota das suxestións de facer os cursos máis participativos e interactivos.

Nos cursos de TFG, para os que pola súa duración resulta moi difícil facer un calendario, anotouse moita xente que despois non apareceu (nove edicións para 98 persoas saen a menos de 11 persoas por curso e nós contabamos con 30-35 por curso). Tamén resulta moi frustrante para o profesorado e o alumnado que non funcionen os equipos informáticos.

Estes resultados levarannos a seguir mellorando neste apartado que consideramos de grande importancia na biblioteca.

ACTIVIDADES CULTURAIS

Xaneiro

Exposición na entrada da biblioteca do 22 ao 29 de 8 paneis sobre toponimia da Agra do Orzán, feitos pola Asociación Veciñal da Agra do Orzán, completándose con exposición nas peceiras.

Exposición nas peceiras do 30 de xaneiro até o 14 de febreiro de películas de Ciencias da Educación sobre a guerra e a paz, co gallo do Día Internacional da Paz (30 de xaneiro). Colaborou o alumnado de Roberto Suárez Brandariz na confección de paxariñas de papel para poñer entre as películas.

Febreiro

Do 17 de febreiro até o 6 de marzo, exposición internacional con 20 exlibris orixinais no Recuncho de lectura, acompañada dunha mostra didáctica nas peceiras.

Marzo


Do 8 ao 31 de marzo exposición Mestras Republicanas, co gallo do día da muller traballadora, en colaboura coa oficina de igualdade UDC, que escolleu o noso centro para o día 10 de marzo presentar o documental “Las maestras de la República” no Salón de Actos, e tamén agasallar á filla de Elvira Bao en representación de todas as mestras republicanas.

Exposición no Recuncho nas mesmas datas e polo mesmo motivo, da obra da artista portuguesa Renata Carneiro “Jogo de damas”.

20 de marzo: comeza Nébeda, un clube de lectura virtual. Nace na biblioteca e vai dirixido á comunidade universitaria. Ten o apoio de dúas profesoras de literatura do centro, Patricia Carballal e Iria Sobrino, a quen lles expresamos o noso agradecemento. Trátase dun clube virtual no que se propoñen 4 ou 5 lecturas ao ano, que despois se analizarán nun encontro literario co propio autor ou autora ou un/ha especialista na súa obra. Realízase un cineclube paralelo coa colaboura do profesor Juan José Bueno, a quen tamén lle agradecemos a súa participación. Conta co apoio económico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC, a través da Comisión de normalización lingüística do centro.

Abril

Todo o mes unha exposición arredor da obra “Adiós María” de Xohana Torres e películas sobre a emigración, que é o tema da novela, a nosa primeira lectura do Clube, completada con dous actos. O primeiro a proxección e coloquio, o día 24 de abril ás 17 horas, da película “Las cartas de Alou” no Recuncho, obra seleccionada e charla dirixida polo profesor Juanjo Bueno. E para rematar, o 28 de abril ás 18 horas o coloquio da propia novela dirixido pola escritora Dores Tembrás.



Maio

Do 30 de abril ao 15 de maio, dentro do ciclo cultural “Mulleres na viaxe” da profesora Begoña Bas, exposición nas peceiras de catro mulleres de fóra que estiveron no país: Ruth Mathilda Anderson, Nina Epton, Annette Meakin e unha curta visita de Alejandra Pizarnik. E no recuncho “a imaxe e a palabra”: exposición de fotografías de R.M. Anderson e traballos literarios do alumnado de dita profesora sobre as fotos, con selección e premio de tres textos que levaron de regalo un libro.

Do 16 ao 31 de maio exposición nas peceiras polo día das Letras Galegas: Xosé M^a Díaz Castro.

16 de maio incorporación e colocación de novas obras enviadas por artistas para a exposición permanente no Salón de Actos da facultade “Verbas ao vento”, coa colaboura do profesor Roberto Suárez Brandariz e parte do seu alumnado.



Xuño

Clube de lectura Nébeda, coa seguinte obra: selección de dez relatos de Julio Cortázar feita polo escritor Francisco X. Fernández Naval, especialista na obra de Cortázar e tradutor ao galego dun dos contos, co que temos un coloquio literario no recuncho o

19 de xuño ás 18 horas. E o 25 de xuño ás 17 horas, proxección do filme *Blow up*, seleccionado polo profesor Juanjo Bueno, que tamén dirixe o coloquio sobre este.

Todo o mes exposición nas peceiras sobre Cortázar.

No Recuncho de Lectura, exposición de xilografías do artista arxentino Juan Sebastián Carnero.

Xullo-agosto

Nas peceiras exposición “Lecturas de verán”.

No recuncho exposición da artista portuguesa Teresa Pedroso (gravados, cianotipias e fotografías).

Setembro-outubro

Exposición no Recuncho de gravados da artista portuguesa Miriam Rodrigues.

Outubro

Clube de lectura Nébeda, coa obra de poesía “A distancia do tambor”, de Eva Veiga. Encontro coa autora o 1 de outubro ás 17 horas no Recuncho de Lectura. Exposición nas peceiras sobre a creación poética en xeral e obras da autora até mediados de decembro. Desta volta non temos proxección cinematográfica.

Novembro-décembro

No recuncho exposición do artista galego Carlos Botana.

Décembro

Clube de lectura Nébeda, coa obra de teatro “Saxo tenor” de Roberto Vidal Bolaño. Encontro literario o 3 de decembro ás 17 horas no recuncho con Camilo Franco para falarmos desa obra. Desculpan a ausencia do clube as profesoras Patricia Carballal, Iria Sobrino e Juanjo Bueno por problemas de calendario, non sabendo se poderán continuar o vindeiro ano.

17 de decembro. Exposición nas vitrinas sobre “O inverno”.

DIFUSIÓN DOS SERVIZOS E ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

A nosa idea é difundir o noso labor e darnos a coñecer, tanto a través dos medios electrónicos como sendo biblioteca de acollida cando nolo solicitan.

Mantemos os seguintes espazos na rede:

<http://www.educacion.udc.es/biblioteca> A nosa web

<http://bibedu.blogaliza.org> O noso blogue

<http://pinterest.com/cineduca> O noso espazo de cine

<https://www.facebook.com/biblioteca.facultadeeducacionudc> Facebook

<https://twitter.com/biblioeduca> Twitter

E incorporamos este ano outro:

<https://nebedaclubelectura.wordpress.com/> O noso Clube de lectura



Mantemos o noso Boletín “O tinteiro”. No 2014 sacamos os números 3, 4 e 5, que expoñemos no taboleiro da biblioteca e enviamos ao profesorado e PAS do centro por correo electrónico.

Fomos biblioteca de acollida un ano máis para as prácticas prelaborais de un rapaz da Fundación Paideia nos meses de marzo a maio, como xa é habitual (é o terceiro ano). Incluímolo nesta memoria no apartado de persoal xa que supuxo unha grande axuda no noso traballo.

Fomos tamén de acollida para unha estudante da Universidade de Adam Mickiewicz de Poznan, Polonia (Dorota Dolata) do 1 de xullo ao 30 de setembro, dentro do Erasmus Lifelong Learning Programme.

Tamén acollemos a Daniel González Pérez, un rapaz do programa Espazo Compartido, no que traballan con rapaces con deficiencias. Estivo os días 8, 9, 10 e 11 de xullo de 10 a 14 horas.

INFRAESTRUTURAS

A biblioteca ocupa 1.611 metros cadrados en dous andares. Ten un total de 249 postos de lectura (214 na sala de lectura, 15 no recuncho e 20 na sala de grupos).

Ten o seguinte material inventariado:

Despois de mercar 22 metros lineais de estantes este ano (sen contabilizar os de películas), conta cun total de 3.153, das que 2.786 están en libre acceso e 367 están nos depósitos.

Temos 11 computadores de uso público (catro están pendentes de amañar), dous escáneres e unha impresora que pertence ao servizo de reprografía e funciona con tarxeta (a que está conectada a un dos computadores actualmente non funciona). Para uso interno temos tres computadores e tres impresoras (dúas que imprimen en cor e unha delas con escáner).



Dos oito lectores de libros electrónicos para préstamo, dous están avariados.

Prestamos tamén oito bases de enchufes con extensión e un xogo de auriculares.

Este ano retiramos do uso un televisor, por levar tempo avariado, e dous lectores de DVD. Mantemos un lector de VHS e dous de DVD.

Contamos con sete extintores, catro no andar -2 e tres no andar -1, revisados regulamentariamente, e unha saída de emerxencia ao exterior.

Sobre o mantemento da biblioteca (problemas de humidades, calefacción, reposición de barras de luz e arranxo de cadeiras etc.) queremos expresar o noso agradecemento ao persoal da conserxaría e ao vicedecano Roberto Suárez Brandariz, pola súa disposición e eficiencia.

Dos asuntos pendentes do ano anterior neste apartado:

Segue pendente reforzar o chan do depósito de revistas para poñer un moble compacto.

Sobre o de buscar espazos polo centro para colocar os libros de texto, que ocupan grande parte do depósito e que ademais é un fondo que aumenta e do que o profesorado non se quer desfacer: non hai espazos. Teremos que propor na comisión da biblioteca que, tal e como están as infraestruturas desta, non podemos recibir ese fondo. Unha posibilidade é envialos á biblioteca central.

Do espazo de audiovisuais: demoler as cabinas polas que van cables de puntos de luz individuais podería resultar unha obra desproporcionadamente custosa, polo que pensamos en reconverter esta zona para postos de lectura individuais, engadindo aos postos das cabinas (de onde se retiraron as televisións e os lectores de DVD) o espazo dun cuarto pequeno, de 2,5 x 3 m², pechado con chave dentro do espazo de audiovisuais. Incorporaríamolo ao espazo público abrindo a porta, poñendo estantes para DVD e colocando mesas individuais con cadeiras para catro ou cinco persoas. O cuarto xa foi baleirado e os andeis están mercados, coidamos que en febreiro de 2015 estará habilitado, aínda que ficará para máis adiante buscar solucións para aclimatar ben o espazo, que ten moita humidade.

A BIBLIOTECA COMPROMETIDA

Continuamos cos
compromisos do ano anterior:

Co uso e defensa do idioma galego e con **Galiza**: facendo que o galego sexa o idioma co que traballamos e co que falamos; e tendo sempre presente o país nas nosas actividades culturais.



Coa defensa do **medio ambiente**: evitando innecesarias impresións de papel e aproveitando para anotacións e uso interno o reverso dos folios impresos e os sobres. Dando publicidade e ensinando o uso do escáner gratuito que hai na biblioteca aos usuarios que queren fotocopiar. Mercando tóner a empresas que reciclan os envases e mercando papel reciclado para as papeletas de préstamo.

Contra a destrución de **emprego**: tentando sempre diversificar os provedores e dando prioridade aos da Coruña, logo aos de Galiza, logo aos de España e por último aos estranxeiros.